

## **CONSULTA PÚBLICA PREVIA**

### **EXPEDIENTE DE ELABORACIÓN DO REGULAMENTO DENOMINADO: REGULAMENTO DE RÉXIME DE USO INTERNO DA BIBLIOTECA PÚBLICA MUNICIPAL DO CONCELLO DE NARÓN.**

**OBXECTO:** Coa finalidade e obxectivo de mellorar a participación d@s cidadáns no procedemento de elaboración de normas, con carácter previo á elaboración do proxecto dunha norma regulamentaria, sustanciarase unha consulta pública, a través do portal web do Concello de Narón.

#### **NORMATIVA:**

Artigo 133 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Directriz nº 5 da Regulación da participación cidadá na planificación, elaboración e avaliación da normativa municipal no Concello de Narón.

#### **PROCEDEMENTO**

**TRÁMITE:** Sometemento a consulta pública previa da disposición normativa anterior.

**DESTINATARIOS:** Cidadáns e organizacións representativas afectadas pola futura norma.

**PRAZO:** 15 días naturais a contar desde o seguinte a esta publicación no portal.

#### **DESCRICIÓN DA ACTUACIÓN:**

É intención desta Corporación a elaboración e posterior aprobación da seguinte norma: Regulamento de uso interno da Biblioteca Pública Municipal.

Coa súa promulgación preténdese regular o funcionamento e servizo da Biblioteca Pública Municipal de Narón co obxecto de ofrecer á cidadanía unha información clara e precisa sobre ela, así como poñer en mans do persoal unha ferramenta coa que regular o exercicio das súas funcións e as relacións coas persoas usuarias.

A finalidade do Regulamento é pois desenvolver o establecido no art. 2.g da Lei 10/2007, de 22 de xuño, de lectura, do libro e das bibliotecas, que define a biblioteca como "a estrutura organizativa que, mediante os procesos e servizos tecnicamente apropiados, ten como misión facilitar o acceso en igualdade de oportunidades de toda a cidadanía a documentos publicados ou difundidos en calquera soporte."

A biblioteca prestará os seus servizos conforme á Lei 5/2012, de 15 de xuño, de Bibliotecas de Galicia e a Lei 17/2006, de 27 de decembro, do Libro e a Lectura en Galicia.

O concepto de aprendizaxe permanente que se ten asentado como principio fundamental da cidadanía europea, a adaptabilidade a a empregabilidade xustifican o valor educativo intrínseco da experiencia de usar unha biblioteca. A biblioteca debe adaptarse a un século no que o desenvolvemento das novas tecnoloxías é fundamental, un lugar de toma de decisións para acercar a cultura dunha forma mais directa e participativa á cidadanía, e que debe estar á vangarda do coñecemento, reflectido no seu fondo bibliográfico.

Co fin de garantir o cumprimento dos obxectivos dispostos na normativa aplicable e a calidade nos servizos prestados, estímase a aprobación desta norma como medio de regulación do servizo.